



MEMORIA DA ALCALDÍA

Expediente núm.:	Departamento:
7188/2023	Intervención

ASUNTO: ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2024

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A tenor dos artigos 168.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L 2/2004), e 18.1.a) do R.D. 500/1990, de 20 de Abril, esta Alcaldía-Presidencia, formula a seguinte

MEMORIA DE ALCALDÍA

1. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

O Orzamento Municipal para o exercicio 2024 ascende á cantidade de 16.893.897,00 €, o que implica equilibrio económico entre ingresos e gastos, polo que se cumpre o esixido polos artigos 165.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 16.1 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril. Xunto cos estados de ingresos e gastos do Orzamento Municipal e a súa documentación complementaria tramítase a aprobación das plantillas de persoal do Concello e as Bases de Execución do orzamento.

A desagregación por capítulos de ingresos e gastos e a porcentaxe que cada un deles representa respecto do total é a seguinte:

	ESTADO INGRESOS			ESTADO GASTOS		
	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PORCENTAXE	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PORCENTAXE
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	5.008.000,00	29,64%	GASTOS PERSOAL	6.740.837,40	39,90%
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	600.000,00	3,55%	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	8.096.902,76	47,93%
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.508.532,00	14,85%	GASTOS FINANCEIROS	274.826,04	1,63%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.749.408,00	51,79%	TRANSFERENCIAS CORRENTES	664.383,00	3,93%
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	12.825,00	0,08%			
	TOTAL CORRENTES	16.878.765,00	99,91%	TOTAL CORRENTES	15.776.949,20	93,39%
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	18,00	0,00%	INVERSIÓNS REAIS	476.580,00	2,82%

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	108,00	0,00%	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	3.042,00	0,02%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	0,09%	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	0,09%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	6,00	0,00%	PASIVOS FINANCEIROS	622.325,80	3,68%
TOTAL CAPITAL		15.132,00	0,09%	TOTAL CAPITAL	1.116.947,80	6,61%
TOTAL INGRESOS		16.893.897,00	100,00%	TOTAL GASTOS	16.893.897,00	100,00%

2. PRIORIDADES E LIÑAS DE ACCIÓN DO ORZAMENTO

A principal prioridade do orzamento vai encamiñada a adoptar medidas que axuden dun modo directo aos cidadáns, así como aos demais sectores da sociedade.

Estas medidas deben de coordinarse con políticas sociais axeitadas e efectivas, adicando partidas orzamentarias suficientes que permitan axudar a todos aqueles colectivos que se atopen en situacións de risco ou exclusión social.

3. PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE CONTEÑEN ESTES ORZAMENTOS EN RELACIÓNS COS DO EXERCICIO 2022

A. Modificacións do estado de ingresos

As modificacións que contén o estado de ingresos destes Orzamentos en relación cos do exercicio 2022 son, resumidas por capítulos, as que de seguido se indican:

		2021	2022	2024	DISTRIBUCIÓN	VARIACIÓN	EVOLUCIÓN 2022-2024
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	4.308.000,00	4.608.000,00	5.008.000,00	29,64%	400.000,00	8,68%
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	200.000,00	400.000,00	600.000,00	3,55%	200.000,00	50,00%
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.520.526,00	2.500.326,00	2.508.532,00	14,85%	8.206,00	0,33%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.343.697,00	7.601.157,00	8.749.408,00	51,79%	1.148.251,00	15,11%
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	13.533,40	12.831,00	12.825,00	0,08%	-6,00	-0,05%
TOTAL CORRENTES		13.385.756,40	15.122.314,00	16.878.765,00	99,91%	1.756.451,00	11,61%
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	18,00	18,00	18,00	0,00%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	108,00	108,00	108,00	0,00%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	15.000,00	15.000,00	0,09%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	300.000,00	4.500.000,00	6,00	0,00%	-4.499.994,00	-100,00%
TOTAL CAPITAL		315.126,00	4.515.126,00	15.132,00	0,09%	-4.499.994,00	-99,66%
TOTAL INGRESOS		13.700.882,40	19.637.440,00	16.893.897,00	100,00%	-2.743.543,00	-13,97%

Desagregando nos dous grandes bloques de que se compón o estado de ingresos do orzamento:

Operacións correntes.-

O total de operacións correntes orzamentadas para o exercicio 2024 ascende a

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





16.878.765,00 €. Isto supón un aumento do 11,61% con respecto ao orzamentado no exercicio 2022.

O imposto directo sobre o que se incrementa a previsión é o IBI Urbana, como consecuencia da modificación da ordenanza fiscal, segundo o acordado polo Pleno da Corporación o 26-10-2023. Mantéñense as previsións dos demais tendo en conta tanto os padróns coma os cobros derivados polas liquidacións correspondentes a períodos anteriores.

Incrementábase a previsión do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, debido ao impacto positivo que está a producir a aplicación do Plan Xeral Municipal de Ordenación Municipal tendo en conta número de expedientes de solicitude de licenzas para a construción de vivendas unifamiliares xa tramitados, e outros que se atopan en tramitación. Continúa a observarse a tendencia por parte dos cidadáns derivada dos cambios legislativos que permiten a presentación de comunicacións previas para a realización de múltiples obras, todo elo facilitando o acercamento da Administración ao cidadán.

Ademais, o Plan Xeral está permitindo que se tramiten iniciativas (públicas e privadas) que desenvolven o propio planeamento, a través dos correspondentes Plans Parciais ou Plan Especiais de Reforma Interior, o que permitirá a instalación de edificacións tanto de uso comercial/industrial coma residencial. Concretamente no vindeiro exercicio avanzábase na tramitación dos Plan Especiais que desenvolverán os sectores denominados no Plan Xeral de Ordenación Municipal como SUNC-R01 e SUNC-R02.

Na actualidade, o Concello da Estrada atópase afectado pola instalación de diferentes parques eólicos, que se atopan en tramitación autonómica a día de hoxe, e que ao longo do exercicio de 2024 se prevé que soliciten as correspondentes licenzas de obra. Os parques en tramitación son os seguintes:

- Outeiro Grande
- Pedra Longa
- Cabanelas
- Borreiros
- Targos
- Pico Touriñán III - 2
- Castrovalente
- Campo das Rosas
- Pico Touriñán - Monte Festeiros
- Xesteiros

En canto ao capítulo III, taxas e prezos públicos, incrementa lixeiramente o total da previsión con respecto ao exercicio 2022. Este incremento nas previsións ten tres compoñentes totalmente diferenciados:

Por unha parte redúcese a previsión de ingresos polo prezo público por viaxes da 3ª idade, espazo concilia e recargos de apremio.

Mantéñense, con respecto a 2022 as previsións da maior parte das taxas e servizos públicos, tanto os de recadación directa como os recadados polo ORAL, motivada pola maior efectividade na xestión de cobro así como na inspección tributaria, o que está a provocar efectos positivos no orzamento municipal, e pon de manifesto o acertado da decisión de delegar neste Organismo ese tipo de actuacións, que

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





noutros supostos se verían mermados por falta de medios materiais e humanos. Para elo, e en coordinación co ORAL, aproveitando as solicitudes presentadas polos interesados farase unha revisión da documentación presentada, aos efectos de comprobar que se atopa actualizada, e, no seu caso, proceder á actualización.

As transferencias correntes experimentan globalmente un incremento nas previsións, como consecuencia basicamente do incremento da participación de tributos do estado e maior financiamento previsto para o plan concertado, debido sobre todo ao aumento prezo/hora aprobado pola Consellería de Política Social e no número de horas do servizo de axuda no fogar.

Incrementátese a aportación da Vicepresidencia Primeira, da Consellería de Medio Rural e da Deputación Provincial para o financiamento dos gastos relativos ao GES.

Mantense, a achega da Consellería do Medio Rural para as brigadas de incendios e motobomba, en función do convenio correspondente.

Prevese igualmente as aportacións das Consellerías de Sanidade, de Promoción do Emprego e Igualdade e de Política Social para o mantemento dos servizos de prevención de drogodependencias, axente de emprego, orientación laboral, plan concilia, atención temperá e centro de información á muller, ao tratarse de servizos consolidados ao longo dos últimos exercicios e que se veñen subvencionando regularmente polas indicadas Consellerías.

Inclúese como novidade no orzamento inicial a aportación da subvención para gasto corrente da Deputación Provincial para o Plan "Máis provincia".

O peso relativo dos ingresos correntes no seu montante total é de 99,91 %, fronte ós 77,01 % do orzamento de 2022.

Operacións de capital.-

Os ingresos derivados de operacións de capital diminúen o seu peso relativo no orzamento inicial: dun 22,99 % no exercicio 2022 pásase a un 0,09 % no actual.

Como ven sendo habitual, os ingresos de capital das distintas administracións públicas para o financiamento dos investimentos, non se inclúen como previsións iniciais, senón que serán obxecto de xeración de crédito coas aportacións das mesmas.

Non está previsto concertar ningunha operación de crédito a longo prazo para 2024.

B. Modificación do estado de gastos

As modificacións que conteñen o estado de gastos do exercicio 2024 en relación ó do 2022 responde ó seguinte esquema:

		2021	2022	2024	DISTRIBUCIÓN	VARIACIÓN	EVOLUCIÓN 2022-2024
CAPÍTULO 1	GASTOS PERSOAL	5.658.162,64	6.376.165,85	6.740.837,40	39,90%	364.671,55	5,72%
CAPÍTULO 2	COMPRA BENS CORRENTES E SERVICIOS	6.467.827,51	7.296.415,93	8.096.902,76	47,93%	800.486,83	10,97%

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



CAPÍTULO 3	GASTOS FINANCEIROS	26.806,17	34.682,45	274.826,04	1,63%	240.143,59	692,41%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	720.599,00	679.524,00	664.383,00	3,93%	-15.141,00	-2,23%
TOTAL CORRENTES		12.873.395,32	14.386.788,23	15.776.949,20	93,39%	1.390.160,97	9,66%
CAPÍTULO 6	INVERSIÓN REAIS	489.528,00	4.701.714,09	476.580,00	2,82%	-4.225.134,09	-89,86%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	10.024,00	152.030,00	3.042,00	0,02%	-148.988,00	-98,00%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	15.000,00	15.000,00	0,09%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	312.935,08	381.907,68	622.325,80	3,68%	240.418,12	62,95%
TOTAL CAPITAL		827.487,08	5.250.651,77	1.116.947,80	6,61%	-4.133.703,97	-78,73%
TOTAL GASTOS		13.700.882,40	19.637.440,00	16.893.897,00	100,00%	-2.743.543,00	-13,97%

Gastos de persoal.

Nas previsións para o ano 2024 destaca a aplicación da Relación de Postos de Traballo aprobada mediante acordo plenario do 3 de xullo de 2021, e publicada no Boletín Oficial de Pontevedra do día 15 de xullo.

A RPT recolle para o ano 2024 o incremento do valor do punto do Complemento Específico, que pasa a ser do 19 €.

Gastos en bens correntes e servizos.-

No capítulo 2, relativo ás consignacións destinadas a bens correntes e servizos, dótanse créditos para atender suficientemente ós diferentes contratos subscritos por este Concello para atende-los diversos servizos municipais.

Trátase de mellorar os servizos prestados polo Concello e ao mesmo tempo restrinxir o consumo de subministros, como poida ser o material de oficina, teléfonos ou subministro de enerxía eléctrica.

Carga financeira: intereses e amortización do capital.-

No relativo ás dotacións para amortización e intereses, aumentan as previsións, en función dos préstamos concertados e os cadros de amortización previstos.

Inclúese consignación a maiores dos préstamos concertados, para os intereses derivados dunha operación de tesourería que se está a tramitar.

Transferencias correntes.-

Disminúe o importe total das aplicacións destinadas a subvencións correntes como consecuencia da adecuación das previsións das subvencións nominativas ás efectivamente solicitadas e concedidas aos distintos colectivos.

Inversións.-

Recóllense os investimentos habituais para arranxos e mantemento dos existentes.

4.- MODIFICACIÓNS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

No "Título II "O orzamento para 2024 e as súas modificacións", modifícanse as seguintes Bases:

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Base 6ª e 7ª: Actualízase o total do orzamento de 2024 con detalle por áreas de gasto e capítulos de ingreso, respectivamente.

Base 10ª: Niveis de vinculación xurídica dos créditos. Modifícanse con respecto ao exercicio 2022, adaptándose ás esixencias do novo orzamento, co obxecto de dotar ao mesmo dunha maior operatividade.

No TÍTULO III.-"Execución e liquidación do orzamento", modifícanse as seguintes Bases:

Base 22ª.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. No relativo á existencia de crédito adecuado e suficiente na divisionaria 90.

Base 32ª.- Operacións de tesourería. Engádesse que deberá constar no expediente un informe-proposta de tesourería que xustifique a concertación da mesma.

No Título IV: "Gastos de persoal", modifícanse as seguintes bases:

Bases 48ª, 51ª, 52ª e 53ª: polo que se refire á adecuación das retribucións do persoal á lexislación vixente no relativo ás retribucións básicas e complemento de destino, así como a _aplicación de 19€/punto no Complemento Específico do persoal funcionario e Complemento I do persoal laboral, en aplicación da vixente Relación de Postos de Traballo.

Base 54ª: Recolle a modificación nas indemnizacións por asistencias a órganos colexiados dos membros da corporación, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 7-9-2023.

Base 55ª: Actividade Subvencional: no apartado I) 4.- engádesse como entidades non sometidas ás disposicións deste título as Fundacións de Exposicións e Congressos e Cultural da Estrada, por tratarse de colaboracións de carácter permanente nos gastos de funcionamento de entidades de relevante interese público.

No apartado VII) actualízase a táboa de subvencións nominativas para 2024.

Base Adicional Única: Subvencións a Grupos Políticos. Recolle a modificación do importe da cantidade asignada a cada grupo político de 300,00 euros fixos mensuais, segundo o aprobado por acordo Plenario do 7-9-2023.

CONCLUSIÓNS

Os orzamentos municipais, necesariamente, deben de reflectir a realidade social e económica do municipio. Na actualidade as Administracións están sometidas os continuos cambios que se están a producir na economía nacional e mundial.

A inflación está a provocar un aumento no gasto que, de non buscar solucións inmediatas, poderían provocar un desaxuste importante na prestación dos servizos municipais.

Como mostra da actuación decidida por parte do goberno municipal, estase a elaborar un Plan de Saneamento que permitirá optimizar os recursos municipais, e realizar unha labor eficiente na contención do gasto, tramitando expedientes de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





contratación que suporán un importante aforro, destacando o servizo de augas, recollido de lixo, parques e xardíns, servizo de axuda no fogar, servizos de limpeza, cultura e deportes.

Dito Plan de Saneamento terá que vir acompañado doutras medidas adicionais coma a modificación da ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóveis, que, ademais, permitirá regular bonificacións potestativas así como actualizar os tipos de gravame dos bens de natureza urbana, así como os bens inmóveis de características especiais.


Cabe destacar, tamén, o carácter social dos orzamentos, recollendo un gasto significativo neste eido e que amosa un achegamento a todos os cidadáns que precisan da cercanía da Administración Municipal e que permiten paliar as carencias que poidan sufrir.

O Alcalde, na Estrada.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: Y174KKD37DR62GXWG3CCTJALX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7